

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BANCOS DE ALIMENTOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CAPTACIÓN, ADQUISICIÓN, ALMACENAMIENTO E DISTRIBUCIÓN DE ALIMENTOS ENTRE AS SÚAS ENTIDADES FEDERADAS E OUTRAS ENTIDADES ASISTENCIAIS OU BENÉFICAS, NO EXERCICIO 2026

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia; no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e, polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Don José Pita Chento, con DNI 33199205Q, vogal da Xunta Directiva que actúa en nome e representación da Federación Gallega de Bancos de Alimentos (en adiante Fegaban), co NIF G32375115 e enderezo fiscal na rúa Ildefonso Sánchez Mera 4 escaleira B baixo de Santiago de Compostela, como se acredita na escritura pública de poder especial outorgada en Lugo o 6 de xullo de 2018 pola presidenta da Xunta Directiva da entidade, dona Amadora Núñez Mera, ante o notario don Manuel Ignacio Castro-Gil Iglesias, co número 2462 do seu protocolo.

Ambas as dúas partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas



ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á inclusión activa e integración socio laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social.

CUARTO.- Que Fegaban é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída conforme ao artigo 5 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, mediante acta fundacional privada subscrita en Ourense o 17 de xullo de 2007, como federación de distintos bancos de alimentos que actúan na nosa comunidade. Está inscrita no Rexistro xeral Central de Asociacións co número 180 e máis no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5847 e, declarada de utilidade pública o 20 de setembro de 2013.

Fegaban ten como fins recollidos nos seus estatutos, entre outros, os seguintes:

- a) Coordinar as actividades dos bancos de alimentos membros da federación, para o cumprimento dos seus fins propios.
- b) Potenciar os vínculos de unión entre os distintos bancos de alimentos co fin de manter contactos e intercambiar información sobre as súas respectivas actividades.
- c) Tratar de que cada un dos bancos de alimentos membros da federación desenvolvan ao máximo os fins previstos nos seus estatutos.

QUINTO.- Que para a consecución dos ditos fins, Fegaban realiza as seguintes actividades:

- a) Representar os bancos de alimentos federados ante toda clase de organismos públicos e privados do ámbito da comunidade autonómica, estatal ou internacional, así como facilitar as relacións e a colaboración entre eles.
- b) Prestarlles aos seus membros todos os servizos que, a xuízo da federación, poidan axudarlles a alcanzar os seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, incluíndose aquí todo tipo de axudas, tanto de índole económica como material, humana e de carácter legal.





- c) Promover a figura dos bancos de alimentos en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, auspiciando a súa creación por todos os medios posibles como prensa, radio, TV, campañas publicitarias e outros, perseguindo así un crecemento estable do número destes e a súa prolongación no tempo.
- d) Canalizar e distribuír aos bancos de alimentos federados as axudas globais que, en forma de alimentos ou subvencións, proveñan de calquera administración de carácter autonómico, nacional ou internacional.
- e) Colaborar na solución dos problemas de marxinación, paro e pobreza mediante a captación, almacenamento e distribución gratuíta de excedentes de alimentos ou outros artigos de primeira necesidade a centros asistenciais e persoas necesitadas e mediante calquera outra acción asistencial relacionada que as circunstancias esixan.

SEXTO.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade, no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 139/2024, do 20 de maio, considera axeitado desenvolver unha liña de colaboración con Fegaban mediante a concesión directa dunha subvención a través da subscripción deste convenio, para facer posible o desenvolvemento das actuacións tendentes á captación e distribución de alimentos entre as entidades que constitúen a devandita Federación e outras entidades de carácter benéfico ou asistencial que actúan na Comunidade Autónoma de Galicia, pois a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social ou humanitaria en consonancia co establecido no artigo 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

As entidades de carácter benéfico ou asistencial colaboradoras mencionadas no parágrafo anterior poden ser de consumo, como as titulares de comedores sociais, ou ben de reparto, como as Cáritas diocesanas e as parroquias.

Pola especificidade do servizo público a prestar, non resulta posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para tal fin, ao ser esta a única entidade galega que coordina as actividades, potencia os vínculos de unión e trata de que se desenvolvan os seus fins en cada un dos bancos de alimentos que constitúen esa federación. Todo o anterior xustifica a concesión directa da axuda prevista neste convenio estando recollida nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto e contido*

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Fegaban, mediante a concesión directa dunha subvención para posta en marcha dun programa de captación, almacenamento e distribución de alimentos entre as entidades que constitúen a devandita Federación e outras entidades de carácter benéfico ou asistencial, legalmente constituídas con esa finalidade, que actúen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, incluíndo tamén a adquisición dos alimentos cando a súa captación resulte insuficiente o que, en último termo, fai posible que as persoas en risco de exclusión social poidan satisfacer as súas necesidades alimenticias básicas.

A captación de alimentos aptos para o consumo humano e en bo estado de conservación proveñen de:

- Excedentes doados por empresas de comercio minorista.
- Campañas de recollida de alimentos doados individualmente polos consumidores, como a "Operación quilo", desenvolvidas coa colaboración destas empresas de comercio minorista.
- Organismos como o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) ou o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

Ademais da recepción dos alimentos, Fegaban realiza un control de calidade sobre eles, clasifícaos e almacénaos, garantindo a súa boa conservación, ata o seu posterior reparto en lotes. Este reparto faise en relación coas necesidades de cada banco de alimentos federado ou entidade colaboradora.

Fegaban realiza un seguimento continuo das entidades ás que se lles reparte alimentos comprobando, en todo momento, que teñen carácter social e asistencial, sen ánimo de lucro ou benéficas, e que levan a cabo un proxecto de intervención social con calquera colectivo en risco de exclusión social.

SEGUNDA. *Obrigas da Federación Gallega de Bancos de Alimentos*

Fegaban asume as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, acepta os seguintes compromisos como consecuencia da sinatura deste convenio:

- a) Realizar as actuacións derivadas do obxecto do programa a subvencionar a través do presente convenio.



- b) Acreditar a realización destas actuacións así como a aplicación dos fondos ao fin destinado, de acordo co establecido na cláusula cuarta.
- c) Cumprir os requisitos e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento do importe da subvención, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración concedente, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información, requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, encargado da xestión da concesión da subvención a través do convenio, e do órgano competente en materia de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. Para os efectos de comprobación administrativa, a sede de Fegaban está situada en Santiago de Compostela, na rúa Ildefonso Sánchez Mera, núm. 4 baixo, e todas as peticións de documentación deberán dirixirse a este enderezo para acadar a maior operatividade.
- g) Informar a Consellería de Política Social e Igualdade, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social, do funcionamento das actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio.
- h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio, así como os instrumentos xustificativos do gasto á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como na lenda alusiva ao financiamento público do programa a subvencionar a través deste convenio en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación co programa subvencionado.





- j) Llevar un arquivo e custodiar, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio. En particular, Fegaban comprométese a achegar, inescusablemente, nun prazo de dez días cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través do órgano directivo competente en materia de inclusión social.
- k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Subministrar á Administración, previo requirimento desta, toda a información necesaria para que esta última poida cumprir coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.
- m) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

TERCEIRA. Orzamento

A concesión da subvención regulada neste convenio terá como límite global o crédito asignado para estes fins na Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na aplicación 08.03.312A.481.2, código de proxecto 2015 00516, polo importe global de CEN MIL EUROS (100.000,00 €), sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia das modificacións orzamentarias.

Dito importe é inferior ao total do orzamento de gastos previstos por Fegaban para o exercicio económico actual, que ascende a 209.362,00 €.

CUARTA. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio e que sexan realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 16 de decembro de 2026. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo derivado da realización das actuacións que conforman o programa obxecto desta subvención e que de xeito indubidable responda á natureza das mesmas; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia



documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

Poderán financiarse con cargo a este convenio os gastos correntes, incluíndo os de consumibles non amortizables, necesarios para a realización das actuacións que conforman o programa a subvencionar e que a seguir se relacionan:

- a) Gastos do persoal que se necesite contratar temporalmente.
- b) Seguros de responsabilidade civil que cubran as actuacións realizadas polas persoas voluntarias.
- c) Alugueiros, incluídos gastos da comunidade, da sede administrativa de Fegaban e tamén dos seus almacéns, así como os seguros destes locais.
- d) Gastos para adquisición de alimentos para a súa distribución.
- e) Combustible e seguros dos vehículos utilizados no transporte de alimentos.
- f) Material de reposto de máquinas de oficina e de máquinas para o manexo dos lotes de alimentos, tales como elevadores de cargas.
- g) Material de oficina non inventariable.
- h) Teléfono, auga e enerxía eléctrica.
- i) Gastos de xestión administrativa.
- j) Gastos de auditoría necesarios para a xustificación das actuacións a subvencionar por este convenio.
- k) Gastos de publicidade das actividades da Fegaban.

Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución das actuacións que conforman o programa a financiar polo convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

QUINTA. Forma de xustificación e pagamento

1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 4/2025, do 23 de decembro; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real





decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa de gasto que permita acreditar o cumprimento das actuacións que conforman o programa a subvencionar, obxecto do convenio, cuxo contido se detalla na cláusula sexta.

Dada a natureza dos gastos que son subvencionables segundo a cláusula cuarta, a entidade beneficiaria poderá solicitar pagamentos a conta da liquidación definitiva, ata o 80% da contía total concedida, a medida en que Fegaban xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

3. A data límite de xustificación, para os efectos do artigo 37.2.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, é o 16 de decembro de 2026, agás que se trate de gastos de 2026 correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos derivados das actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio, liquidables con posterioridade á data límite de xustificación; neste caso, o prazo de xustificación poderá abranguer ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio no que se outorga a subvención.
4. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación.

SEXTA. Documentación para xustificar as axudas

1. Para xustificar o pagamento final do importe da subvención concedida, unha vez deducidos os pagamentos a conta efectivamente realizados a que se refire a cláusula quinta, número 2, a entidade beneficiaria presentase unha conta xustificativa que incorpore:
 - a) Unha memoria de realización das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.
 - b) Certificacións que acrediten o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade autónoma de Galicia, e das obrigas coa Seguridade Social.





- c) Unha relación das entidades privadas de iniciativa social destinatarias das actuacións do programa obxecto da subvención.
- d) Unha memoria económica abreviada que constará da seguinte documentación:
- Unha relación clasificada dos gastos do persoal adscrito á execución das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención, na que se indique: identificación da persoa traballadora, categoría laboral, mes que se paga, importe neto e bruto da nómina e a porcentaxe desta que se imputa á subvención, IRPF, cotas da Seguridade Social da persoa traballadora e da entidade empregadora.
 - Unha relación clasificada dos restantes gastos correntes das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención, na que se identifiquen: persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, importe imputado, data de emisión e data de pagamento.
- e) Un informe da persoa auditora sometido á Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas e inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, conforme ao artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Acompañará á conta xustificativa de gasto unha certificación emitida por ese rexistro para a comprobación da inscrición.

No caso de que Fegaban estivera obrigada a auditar as súas contas anuais por persoa auditora sometida á Lei 22/2015, do 20 de xullo, a revisión da conta xustificativa a que se refire esta cláusula poderá ser efectuada pola persoa auditora contratada para ese labor ou por outra distinta, de conformidade co artigo 50.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O informe de auditoría que achegue a entidade axustarase ao disposto na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvención, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e polo disposto neste convenio.

A verificación que figure no informe de auditoría terá en todo caso, o seguinte alcance:

- O cumprimento por parte da Fegaban das obrigas establecidas neste convenio e no resto da normativa que rexe a xestión e a aplicación da subvención.
- A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte da entidade beneficiaria.
- A realidade e a regularidade das actuacións que foron financiadas coa subvención.





- O adecuado e correcto financiamento das actuacións subvencionadas.

O informe da persoa auditora de contas permitirá obter evidencia suficiente para poder emitir unha opinión sobre a execución dos gastos do programa a subvencionar a través deste convenio. En todo caso, deberá comprobarse:

- 1.º Que a conta xustificativa foi subscrita polo representante legal da entidade ou persoa con capacidade suficiente, debendo anexar ao informe unha copia dela selada pola persoa auditora.
- 2.º Que existe concordancia entre a memoria de actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio e os documentos xustificativos do gasto realizado. Se existiren desviacións respecto do orzamento desagregado de gastos previstos, achegado pola entidade beneficiaria ao inicio da tramitación do convenio, deberase engadir a explicación de cada unha delas.
- 3.º Que o importe xustificado corresponde ao concedido, e que se atopa correctamente desagregado e identificado na conta xustificativa, con indicación das imputacións aplicadas. A revisión abarcará a totalidade dos gastos incorridos na realización das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.
- 4.º Se existiren outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento das actuacións subvencionadas, deberase indicar o seu importe e a súa procedencia. Ademais, farase mención expresa ao custo total repercutido destas actuacións para a entidade, e certificarse que non existe sobrefinanciamento das mesmas, de conformidade coa cláusula sétima.
- 5.º Que o gasto declarado é real e elixible e que está debidamente acreditado e xustificado conforme á normativa vixente. Para iso, no informe deberá confirmarse:
 - Que os gastos realizados e imputados ás actuacións que conforman o programa obxecto de subvención gardan unha relación directa con elas, e son conformes coas normativas autonómica, nacional e comunitaria en materia de elixibilidade de gastos e subvencións.
 - Que as facturas orixinais ou documentos contables de valor probatorio equivalente que figuran na relación de gastos contan cos datos requiridos pola lexislación vixente, e que os devanditos gastos foron realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, salvo aqueles que pola súa propia natureza deban liquidarse en datas posteriores.
- 6.º Que Fegaban utiliza un sistema de contabilidade separada, ou codificación contable, que permite a inequívoca identificación dos gastos realizados.





- 7.º Que Fegaban dispón de ofertas de diferentes provedores, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e dunha memoria que xustifique razoablemente a elección do proveedor, naqueles casos en que non recaera na proposta económica máis vantaxosa.
 - 8.º A persoa que exerza a auditoría pronunciarse sobre a elixibilidade do Imposto do Valor Engadido imputado ao programa a subvencionar a través deste convenio e que non é susceptible de recuperación ou compensación.
 - 9.º Que existe acreditación documental, material e/ou gráfica, fotografías, fotocopias, captura de pantallas, do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público das actuacións que conforman o programa obxecto desta subvención.
2. Para xustificar os libramentos parciais recollidos na cláusula quinta, número 2 presentárase unha conta xustificativa que incorpore a mesma documentación que a conta xustificativa do pagamento final, coa excepción da memoria de realización das actuacións do programa obxecto da subvención e da parte do informe de auditoría que fai referencia a outros ingresos ou subvencións que concorran ao financiamento das actuacións que conforman o programa obxecto de subvención.

SÉTIMA. *Obtención doutras axudas*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a celebración deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación das condicións establecidas nas cláusulas do mesmo.
2. O importe da subvención non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, ingresos ou recursos doutras administracións públicas supere o custo das actuacións que conforman o programa a subvencionar a través deste convenio. Como regra xeral, permítese a acumulación de axudas, sempre que o importe total destas non supere o custe total destas actuacións.

OITAVA. *Comisión de seguimento*

Para o seguimento e coordinación das actuacións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes de Fegaban, así como as seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración, designada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de Inclusión Social.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita ao órgano de dirección competente en materia de inclusión social, designada pola persoa que asuma a presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. *Inexistencia de relación laboral*

O persoal con que conta Fegaban para realizar as actividades subvencionadas a través deste convenio é de carácter voluntario, o que non obsta para que dita Federación poida necesitar contratar persoal laboral temporal.

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actuacións que formen parte do programa a subvencionar a través deste convenio, de maneira que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, ni directa nin subsidiaria, polo acontecido no seu desenvolvemento.

DÉCIMA. *Duración*

A vixencia deste convenio estenderase desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro do ano 2026.

Non obstante, financiaranse os gastos que cumpran as condicións indicadas na cláusula cuarta deste convenio realizados dende o 1 de xaneiro do actual exercicio ata a data de xustificación.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Causas de resolución e reintegro*

1. Serán causas de resolución deste convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas, incrementadas cos xuros legais establecidos de acordo coa normativa vixente:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.



- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial das actuacións que conforman o programa a subvencionar, ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- d) A aplicación dos fondos outorgados coa concesión da subvención obxecto deste convenio para fins distintos dos que a motivaron.
- e) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas, ou a falsidade de datos achegados para esta fin.
- f) Por decisión xudicial que declare a nulidade do convenio.
- g) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lexislación vixente.

2. Aos efectos de reintegro das subvencións estarase ao disposto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO SEGUNDA. *Carácter administrativo do convenio*

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no non previsto por estas aplicaráselle os principios contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse. Así mesmo, rexeráse tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. *Cuestións litixiosas*

1. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
2. Contra estes acordos cabe interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ao abeiro do artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou se o acto non o fora, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



Directamente poderá interperse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

DÉCIMO CUARTA. *Transparencia e publicidade*

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO QUINTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa



finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e Igualdade
Fabiola García Martínez

O presidente de Fegaban
José Pita Chento

